

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/11/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezoito de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do vixente PXOM: modificación de camiños públicos para delimitación deles.

Dáse conta do expediente de Modificación puntual do vixente PXOM. *camións públicos* de cara a emendar erros existentes na delimitación dalgúns viais municipais.

Tendo en conta que con data 17 de xuño de 2010 foi aprobado inicialmente o proxecto de modificación puntual do PXOM obxecto do expediente, someténdose a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* n.º 152 de data 10 de agosto de 2010, no xornal La Voz de Galicia de data 8 de xullo de 2010, e no xornal El Correo Gallego de data 8 de xullo de 2010. Simultaneamente e polo mesmo prazo de información pública, deuse audien-

cia aos municipios limítrofes, para os efectos de que presentaran cantas alegacións estimaran pertinentes.

Tendo en conta que durante o período de información pública, presentáronse as seguintes alegacións:-RXE número 1353 de data 24/08/10, presentada por Rogelio Rodríguez Feijoo; e RXE número 1447 de data 09/09/10, presentada por Emilio S. Barros Cabo. E con data 7 de xullo de 2010, recabouse informe das administracións sectoriais pertinentes; téndose redactado certificación desta Secretaría na que consta unha relación dos recibidos

Tendo en conta que as alegacións, estas foron informadas polo equipo redactor e polos servizos técnicos municipais co resultado que consta nos informes emitidos e que figuran no expediente tramitado.

Proponse:

PRIMEIRO. Estimar as alegacións presentadas por do Rogelio Rodríguez Feijoo e don Emilio S. Barros Cabo en relación co expediente de aprobación da modificación puntual obxecto do expediente e polos motivos expresados no informe técnico de data 1 de novembro de 2010, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do acordo, e en consecuencia introducir no expediente as modificacións sinaladas no mencionado informe.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal de camiños públicos, de cara a emendar erros existentes na delimitación dalgúns viais municipais, coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos.

TERCEIRO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada modificación puntual.

3º.- Aprobación inicial, se procede, so proxecto de Sectorización. SUND-4, Parque Empresarial de Vedra

Visto o proxecto do Plan de Sectorización que afecta aos terreos incluídos no ámbito do SUND-4. Parque Empresarial de Vedra, clasificados como solo urbanizable delimitado previsto no vixente PXOM, presentado por UTE URBEPLAN-ARC en función do convenio asinado entre propietarios e concello.

Visto que, presentado o documento de inicio este foi remitido ao órgano ambiental competente para que se pronunciase sobre necesidade de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE); que con data de marzo de 2009 foi remitido o documento de referencia para o procedemento de AAE e *que polo equipo redactor se procedeu a redactar o preceptivo informe de sustentabilidade ambiental incorporando ao proxecto presentado para aprobación inicial.*

Vistos os informes sectoriais previos emitidos polo Ministerio de Fomento e Deputación Provincial de A Coruña e que figuran incorporados ao expediente, así coma as intervencións arqueolóxicas efectuadas no ámbito do mencionado SUND-4, das que se da conta ao órgano autonómico pertinente.



Vistos os informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais en relación co expediente en trámite e proxecto presentado.

Considerando canto antecede e de conformidade cos artigos 85 e 86.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e coa Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réximen local,

Proponse :

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Plan de Sectorización presentado e que afecta aos terreos clasificados polo vixente PXOM deste concello como solo urbanizable non delimitado, denominado SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA .

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de 2 meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e ademais en dous dos xornais de maior circulación na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo e para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Someter o Plan de Sectorización ás consultas previstas no documento de referencia.

CUARTO. Suspender o outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión será de dous anos dende a data de aprobación inicial e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do plan.

QUINTO. Notificar individualmente o trámite de información pública a todos os propietarios dos terreos afectados e aos municipios limítrofes.

SEXTO. Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe para os efectos regulados na lexislación sectorial. Estes informes deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que aínda que votou a favor na Comisión Informativa dado que non ten nada en contra de que o tema se desbloquee e saia para adiante, nesta aprobación inicial vai absterse á espera dun estudo máis pormenorizado cando se someta a información pública.

O Sr. Alvela de TEGA expón que á vista dos informes e planos que se presentaron polos técnicos e o acordo absolutamente a favor da UTE de Vedra, incluso co reparto das propiedades, non queda máis que felicitarse porque isto saia adiante, esperando que o vindeiro proxecto de urbanización se faga dentro dun prazo lóxico de tempo, aínda que ao tratarse de diñeiro terá as súas voltas.

O Pleno, con doce votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA, e 1 abstención do BNG, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Acordo, se procede, sobre da modificación de créditos número 1/2010

Dáse conta do expediente número 1/2010 sobre a modificación de créditos do Estado de Gastos do Presuposto Municipal para o actual exercicio, no que se



inclúen CRÉDITOS por importe de CENTO SESENTA MIL (160.000,00) EUROS para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación relativas a INVESTIMENTOS EN SANEAMIENTO, ALUMEADOS E ESTRADAS E GASTOS DE MANTEMENTO EN ESTRADAS, SUBMINISTROS PARA TURISMO E GASTOS XERADOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN e cuxo expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data vinte e un de decembro de dous mil dez e Decreto dictado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:

-Baixa parcial de créditos das partidas do Estado de Gastos do Presuposto Municipal para o exercicio de 2010 por poder prescindir de contraer obrigas con cargo aos mesmos polas cuantías necesarias para financiar as modificacións presupuestarias:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
161-609	Infraestructura xeral de saneamento	25.000,00
165-609	Infraestructura en alumeados públicos	40.000,00
432-221	Subministros de promoción do turismo	20.000,00
453-210	Mantemento de estradas	20.000,00
453-213	Mantemento de maquinaria para estradas	20.000,00
453-609	Infraestructura en estradas	25.000,00
491-226	Gastos diversos da sociedade da información	10.000,00
TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS		160.000,00


En cuxo expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en senso favorable. Previa deliberación, considerando o carácter inaprazable das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servizos nin dos intereses municipais, a Comisión de Economía propón:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a transferencia dos créditos, cuxas cantidades deberán ser aplicadas ás Aplicacións que se reflicten na Memoria que motivou o expediente, cuxo detalle é o que a continuación se expresa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
233-227	Traballos técnicos de dependencia	20.000,00
334-600	Investimento en terreos para cultura	60.000,00
334-622	Investimento en edificios culturais	25.000,00
334-625	Investimento en mobiliario cultural	10.000,00
341-623	Investimento en instalacións deportivas	45.000,00

TOTAL BAIAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN

160.000,00



Coas modificacións propostas o resumo por capítulos do Estado de Gastos do Presupuesto queda como sigue:


CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de Persoal	1.479.600			1.479.600
2- Gastos en Bens Correntes e Servizos	1.488.000	70.000	20.000	1.538.000
3- Gastos Financeiros	29.900			29.900
4- Transferencias Correntes	50.400			50.400
6- Investimentos	1.287.500	90.000	140.000	1.237.500
7- Transferencias de Capital	7.500			7.500
8- Activos Financeiros	12.000			12.000
9- Pasivos Financeiros	160.100			160.100
SUMAS TOTAIS	4.515.000	160.000	160.000	4.515.000

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ao público, para os efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Intervén o Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE e di que xa na Comisión Informativa se explicou suficientemente o motivo desta modificación de créditos, que aínda que parece cuantiosa (160.000 euros) ten a súa explicación, sinalando que os investimentos en saneamento correspóndense ás obras de saneamento que se tiveron que levar a cabo no albergue de peregrinos que non estaban presupostadas; os investimentos en alumeados e estradas son ampliacións que tampouco estaban previstas; os subministros para turismo refírense ás facturas de electricidade na oficina de turismo que non estaba dada de alta e emitiron unha factura con todos os atrasos e os 10.000 euros para gastos xerados da sociedade da información correspóndense a gastos a maiores dos presupostados para os actos do Centenario das Sociedades de Vedra en Bos Aires, solicitándolle de seguido a todos os grupos, de non votar a favor, a abstención na votación para que os terceiros poidan cobrar.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que considera que o voto do BNG non vai supor ningún perigo para que os provedores poidan cobrar os traballos, pero que despois de darlle voltas aos gastos non está suficientemente xustificado que nun momento de crise exista un desbaraxuste de gastos e a conta ademais de investimentos que se deixaron de facer, e que existan gastos a maiores nos actos do centenario por importe de 10.000 euros e que se incrementen as partidas de ampliación de alumeados públicos fóra dos previstos nos plans xa aprobados, agás que teña algo que ver coa vindeira convocatoria electoral, polo que en principio vai votar en contra da modificación, anunciando que de prexudicar aos provedores o seu voto trataría de estudar máis en profundidade os gastos para poder cambiar a súa postura neste tema.



O Sr. Martínez do PP di que está totalmente de acordo coas críticas do BNG , sobre todo porque o PP é un defensor dos investimentos, e esta modificación supón unha baixada dos mesmos, sinalando que no orzamento do 2010 estaban previstos 260.000 euros de investimentos con cargo a un préstamo que se solicitou, e só se cumpriu 30.000 euros, porque os restantes 130.000 euros houbo unha modificación de créditos, co que se presupostaron gastos no exercicio 2010 a cargo dun préstamo que a maior parte del non se destinou aos mesmos.

Di tamén que o que se fixo merece unha crítica política, pero que o PP non quere prexudicar aos provedores que levaron a cabo os traballos e que polo tanto teñen que cobrar, polo que van absterse na votación

Posta a votación a modificación de créditos, o Pleno con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, 6 abstencións do PP e TEGA e 1 voto en contra do BNG, acorda aprobar a mesma.

5º.- Aprobación, se procede, sobre do orzamento municipal para o exercicio 2011


Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade formado para o exercicio 2011. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/1990 de 20 de abril, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2011, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de TRES MILLÓNS SEISCENTOS TRINTA E CATRO MIL (3.634.000,00) EUROS e no Estado de Ingresos na cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E CATRO MIL (3.764.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.386.700
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.187.900
3	Gastos financeiros	27.900
4	Transferencias correntes	65.400
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	767.500
7	Transferencias de capital	6.500
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	180.100
	SUMA TOTAL DE GASTOS	3.634.000

ESTADO DE INGRESOS



CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	925.000
2	Impostos indirectos	55.000
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	275.800
4	Transferencias correntes	1.892.000
5	Ingresos patrimoniais	200
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Allamento de investimentos reais	16.000
7	Transferencias de capital	408.000
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	180.000
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.764.000

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso, procederáse co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remitirase copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que estes orzamentos son os últimos da lexislatura e os máis difíciles polo contexto no que estamos, a pesares que de que a todos lles gustaría que fosen outros, pero que os que se presentan son realistas porque reflicten os condicionantes económicos actuais; o primeiro deles a minora- ción das transferencias do Estado e da Xunta de Galicia en 340.000 euros, cifra moi importante neste concello, que xunto con outros investimentos extraordinarios que se recollían nos orzamentos do 2010, como a ampliación da Casa a Terceira Idade de Vedra financiada pola Deputación Provincial, fan que os orzamentos do 2011 sexan 881.000 euros menos cos do 2010, practicamente un 21% menos.

Sinala tamén que a prioridade do equipo de goberno á hora de elaborar es- tes orzamentos foi seguir mantendo os mesmos servizos que o concello lle ven prestando aos veciños, pretendendo non eliminar ningún.

Con respecto ao financiamento que se fai dos investimentos, di que a posi- ción debedora do concello non se ve alterada, xa que no 2010 financiáronse inves- timentos con cargo a créditos por importe de 160.000 euros e a cancelación de préstamos foi de 160.000 euros, e para o exercicio 2011 acontece o mesmo, finan-



cianse 180.000 euros e preténdese cancelar préstamos por ese mesmo importe, apuntando ademais que este concello está nun 21% do teito de endebedamento, moi por debaixo do permitido, sen embargo para o exercicio 2012 non se vai poder solicitar préstamos.


Ademais expón que o nivel de autonomía municipal é moi baixo, é dicir que os tributos propios só representan o 33% do ingresos, o que significa unha dependencia do que se recibe doutras administracións, que nos fan vítimas de políticas clientelistas, sobre todo cando as subvencións se reparten sen criterios obxectivos.

Recorda que todos os servizos que se prestan en Vedra son altamente deficitarios e que nalgún caso as taxas non chegan a cubrir o 15% do custo real do servizo, como así se pode comprobar nos expedientes de ordenanzas ou modificacións das mesmas que se aprobaron nesta lexislatura, nos que figura o coste económico dos mesmos, como a gardería, ludoteca, e outros como a recollida de lixo que con motivo do incremento dos costes de Sogama, comezan a ser tan deficitarios, considerando que a vindeira corporación terá que facer un estudo serio de cales son os servizos que se queren seguir prestando e cal vai a ser o seu financiamento, xa que o que está claro é que os concellos teñen moitas dificultades para seguir prestando servizos.

Con respecto os investimentos di que o PP, xa apuntou algo no punto anterior, botará de menos máis diñeiro, e que todos son conscientes de que Vedra, ao igual que os demais concellos, ten moitas necesidades, pero a cantidade é modesta polos motivos xa expostos, sen olvidar que nos precedentes orzamentos 2009 e 2010 se alcanzaron teitos históricos, sobre todo grazas ós fondos recibos do Estado para investimentos que permitiron levar a cabo obras importantes como a ampliación da gardería municipal, pista CPI de Vedra, comedor do CEIP de Ortigueira, e outras.

Para rematar a súa exposición manifesta que ao longo da lexislatura no debate presupostario se foi alcanzando un clima de confianza nos grupos que facilitou moito o mesmo, e que ningún se pode queixar de falta de información, xa que todo o mundo sabe de onde procede e en que se gasta dende o primeiro ata o último euro, entendendo que dende o punto de vista político o posible apoio ás contas municipais pode entenderse mal por parte dos electores, pero que considera que o apoio as contas municipais é un exercicio de responsabilidade, e que o equipo de goberno lle era moito máis fácil funcionar co orzamento prorrogado ou presentar un orzamento cunhas cifras máis bonitas sendo optimistas nos ingresos, pero que nunca o fixeron nin agora o fan, e que os orzamentos son un todo, que non se pode apoiar unha parte si e outra non, solicitando o apoio de todos os grupos para a súa a aprobación.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que é consciente da situación de crise que estamos a vivir e que valora positivamente priorizar o mantemento de servizos en contra de investimentos, pero que estos son menos tendo en conta a modificación de créditos que se aprobou hoxe, e tamén que por primeira vez se rebaixen os gastos correntes e en partidas que sempre se criticaron como a de gastos protocolarios, nas que ía tanto dende festas e convites como cousas máis serias, pero que non valora tan positivamente que se continúe investindo en asfaltados de campos de festa que ata o de agora eran singulares e en ampliación de alumeados que non sempre están xustificadas; e por outra banda que si existe un descenso de persoal, como os contratados para os actos do centenario, que efectivamente non tiña sentido renovar, pero que está a espera dunha explicación sobre do



persoal deportivo, e da prexubilación de dous peóns da brigada verde, porque se segue investindo en turismo, como se pode ver nos orzamentos, e se reduce o persoal de brigada verde encargada da limpeza das rutas de sendeirismo e zonas verdes, non se entende que turismo de Vedra se quere vender

Sinala tamén que con respecto ó exposto polo Sr. Sánchez sobre da corresponsabilidade na aprobación das contas e do acceso ás facturas e demais, que si lle gustaría acceder a determinadas facturas da modificación de créditos para coñecer cales foron os asfaltados concretos ou os gastos do centenario, e que para aprobar uns orzamentos que é un todo, se tivese dedicación exclusiva ao mellor faría algún tipo de proposta para chegar aos orzamentos ao seu criterio e se se aceptasen os apoiaría, pero como non é así, polas circunstancias, cando se lle presenta un proxecto de orzamentos a véspera de noite boa para aprobalos hoxe, véspera de fin de ano, entende que o grupo de goberno ten claro que os pode aprobar sen o apoio do BNG.

Po último di que por principio non pode aprobar uns orzamentos nos que non pode participar con algunha proposta con un mínimo calado, e que en calquera caso que cando se busca colaboración e porque se necesita e se quere, e que cando non se busca é porque non se necesita nin se quera, polo que o seu voto será en contra.

O Sr. Alvela de TEGA expón que nos últimos anos a súa abstención no debate dos orzamentos foi definitiva para a súa aprobación, e que neste caso tamén vai adoptar a mesma postura, porque nada xustifica cambiar o seu posicionamento.

Dos orzamentos que se presentan destacaríase tres ou catro cousas que xa na anterior lexislatura reincidía; así sinala que a maquinaria tan pesada en cando a gastos correntes e gastos de persoal que se xeneraron en todas as administracións, non só neste, vólvese agora insostible para as mesmas, lamentando que os que xa tiñan esa visión clara chegar a este punto, aínda que entende que o caso de Vedra por agora non é tan grave, recoñecendo que a súa participación levou por exemplo que dende 2009 ata hoxe se baixase en 209.800 euros nos gastos de persoal e 365.600 euros nos gastos correntes, que suman cerca de 600.000 euros, sen olvidar tamén que como apuntaba o Sr. Sánchez que as minoracións das transferencias que se reciben doutras administracións, tamén obrigaron dalgún xeito a tomar esa medida.

Sinala tamén que destas contas pouco máis hai que facer e partindo dun plantexamento que non é del, senón do equipo de goberno, e tendo en conta que a estabilidade dun goberno ten unha importancia grande para os veciños, incluso ás veces pasando cousas por alto, como ben apuntou dona Xosefina Guitián, que ao mellor non houberen sido do seu agrado, pero que hai que valorar a estabilidade dos veciños, e que o seu voto non hai que interpretalo como intentar favorecer electoralmente a un grupo e prexudicar a outro, xa que é unha responsabilidade, valorando positivamente tamén o feito de que o equipo de goberno podería facelo doutro xeito, ben funcionando co orzamento prorrogado ou ben maquillando as cifras, recordando que cando o PP perdeu as eleccións locais a coalición PSdeG-PSOE-AVIVE criticou que non se houberen aprobado os orzamentos e o desfase que houbo nas contas.

Ademais di que se a súa abstención serve para aprobalos orzamentos non ten porque xustificarse se non valorar os mesmos e intentar, de ser posible, que as cousas continúen funcionando.



O Sr. Martínez do PP expón que para o PP estes orzamentos claro que son importantes, como os de todos os anos, pero estes un pouco máis porque aspiran a gobernar e ao mellor é posible que lle afecten, polo tanto actuarán con responsabilidade, o que non significa dicir si ou non, senón xustificar as súas propostas e votacións, e dende esa perspectiva sempre se discute o mesmo, coincidindo no 90% nas alabanzas e críticas expostas pola concelleira do BNG.

Di que efectivamente existe un recorte importante en partidas que sempre se solicitou pola oposición, pero que é unha mágoa que sexa imposta pola crise económica que nos rodea e non por convencimento, e que está totalmente de acordo, pero en relación ás porcentaxes que él sempre fai as partidas de gastos de persoal, a pesares de reducirse, en porcentaxe soben un 6%, o que supón un 38% do orzamento, e caen os investimentos, preocupándolle a porcentaxe de gastos financeiros e deste tipo (8%).


Con respecto aos investimentos, di que levan gobernando catorce anos e que a pesares dos fondos FEIL pouco se investiu en saneamento e abastecemento, e que o seu grupo está totalmente de acordo cos investimentos previstos neste orzamento como os soportes colectores, xa adxudicados neste exercicio, alumeados, achegas ao POS, ...etc, pero que bota de menos unha obra xa demandada dende fai dous anos, como é a ampliación da rede de abastecemento de auga de Vedra a Trobe, que aínda que só fora por estética se debería ter incluído neste exercicio.

Sinala que o que máis lle preocupa nestes orzamentos é a inclusión dun novo préstamo de 180.000 euros, porque ademais de reducir os investimentos ano a ano, se viña solicitando un préstamo cada dous anos e a partires do 2008 cada exercicio se solicita un, coincidindo coa baixa en investimentos, e que examinado o cadro de préstamos compróbase que 30.000 euros se destinan a infraestrutura cultural (finca de Sarandón) que xa estaba previsto no orzamento do 2010 (60.000), que ao final non se gastou e por encima se aproba unha modificación de créditos para destinalo a outros fins, co que se presuposta algo que a priori se sabe que non se vai gastar, de aí a súa crítica no punto anterior de aprobación da modificación de créditos, e que se efectivamente o concello ten un problema de liquidez non é responsabilidade deles, citando outros concellos que demostran que se pode traballar máis e mellor co resto das administracións para conseguir outros ingresos e non recurrir ao endebedamento, como é o do Pino, que sae hoxe na prensa.

Ademais di que no capítulo de gastos sempre se pode reducir, citando dous exemplos concretos: o Departamento de Urbanismo deste concello, co máximo respecto aos traballadores que o compoñen, considerando que é un luxo para o noso concello, e que en época de austeridade se tería que revisar, e na partida de Administración Xeral, 12.000 euros son para Asistencia Xurídica, que aparece tamén en Urbanismo.

Por último di que está de acordo en manter servizos recoñecendo que non se incremente a presión fiscal para mantelos, pero que no contexto de crise no que nos vindeiros anos seguirán baixando ingresos temos a día de hoxe un capital pendente de amortizar de 800.000 euros, que si se lle suman 180.000 do novo préstamo, e os xurdos suman unha débeda coas entidades de crédito de 1.000.000 de euros, mencionando que as recomendacións da UE era que xa non se solicitasen créditos, o que lle preocupa enormemente, polo que salvo que o equipo de goberno lle sorprenda e se comprometa a non pedir préstamos, co que podería obter a abstención do PP, o seu voto vai a ser en contra

Nunha segunda intervención o Sr. Sánchez di que para poder gobernar e presentarse diante dos veciños con todos os avais e información sería bo facer un



exercicio de responsabilidade e seriedade, e non dicir unha cousas por outras, contestándolle ó Sr. Martínez do PP que os préstamos só se poden destinar a financiar investimentos e polo tanto non poder existir desviacións.


Con respecto ao pedimento do préstamo sinala que a posición deudora do concello non se modificará durante o exercicio 2011, porque se prevee solicitar 180.000 euros e amortizar a mesma cantidade, polo que a 31/12/2011 a débeda será a mesma que a 31/12/2010, e que é perfectamente asumible polo concello ese nivel de débeda, moi baixo e a prazo moi curto, e que se o PP gaña as vindeiras eleccións municipais do 22 de maio, terá a capacidade de manobra posible, porque sempre se poñe renegociar a mesma; tema moi distinto será que a vindeira corporación teña que estudar o custo dos servizos e o seu posible financiamento, pois con recursos propios non se poden acometer investimentos importantes, e a única forma posible de financiarlos é minorando os gastos correntes e os gastos de persoal, e se o PP espera gobernar terá que dicirlle aos veciños que servizos quere eliminar, ou onde quere aforrar, porque todos coñecen os gastos e ademais cando se pon a funcionar un servizo este conleva gasto corrente.

Expón tamén que para abordar grandes investimentos Vedra necesita a colaboración doutras administracións, preguntándolle ao PP porque non se presenta nestes orzamentos cun papel na man sinalando cales son os investimentos que foi capaz de negociar nos orzamentos da Xunta para Vedra, recoñecendo que efectivamente existen deficiencias en determinadas obras, que saben canto costan, e así cita a obra de ampliación da rede de abastecemento de auga de Vedra a Trobe, cuxa memoria se elaborou polo técnico municipal e ascende a 148.000 euros, esperando que exista algún ingreso extraordinario e poder incluír algunha das obras tan necesarias para Vedra.

Para rematar a súa intervención di que aprobar as contas como xa dixo anteriormente é un exercicio de responsabilidade e cando alguén é capaz de posibilitar é capaz de falar é porque é capaz de negociar, e evidentemente non se vai negociar con que vota en contra, senón con quen vai a priorizar e con quen está disposto a falar, e con respecto aos investimentos di que ao PP de Vedra facer unha crítica de gastos correntes e de persoal é unha coartada para votar en contra, pois así o fixeron en toda a lexislatura, e que os orzamentos que se presentan son os únicos posibles, recordándolle ao PP que durante o ano 2009 se investiron en total 1.866.307 euros, que tamén recibiron o voto en contra do PP. E por último e en relación ao sinalado polo Sr. Martínez sobre dos concellos que non están endebedados, fai unha lectura dunha nova que saíu publicada no xornal Terras de Compostela o 16/11/2011, e segundo a cal o Concello de Vedra é o concello da comarca que máis destina a gastos sociais: 302,00 euros/habitante, e outros como O Pino só destinou 36 euros/habitante, e que o gasto social favorece as máis humildes.

Dona Xosefina Guitián expón que ela valora moi positivamente o investimentos en gasto social, de feito non lle pasou desapercibido que se dobrara as subvencións para emerxencia social, pero hai outros moitos temas para votar en contra.

Con respecto ao sinalado de que os investimentos xeneran gasto corrente e de que a vindeira corporación municipal terá que facer un estudo serio de que servizos son prioritarios e cales non, di que o BNG nos últimos catros anos xa demandou este tipo de estudo, sinalando que moitos servizos son moi baratos para algunha xente, xa que eles defenden un tipo de imposición progresiva, e iso tamén é



xestión e tamén é goberno, e nesta lexislatura non se fixo, apuntando que nesta época de vacas fracas é moi criticable que se continúe investindo en asfaltados que logo o concello non é capaz de manter ou en farolas absurdas, onde tamén debería facerse un estudo serio, por medio ambiente e por aforro enerxético, e que os investimentos, agás os do FEIL, se fixesen en obras clientelistas, cando existía outro tipo de investimentos como saneamento e abastecemento que se terían que ter feito, non só por parte do concello, senón tamén pola Xunta de Galicia, esperando que na vindeira lexislatura se tomen esas medidas de xestión e de estudo.

O Sr. Alveta recorda que leu na prensa que con respecto aos orzamentos do goberno que ao BNG lle saía moi rendible en termos de publicidade darlle un si en Madrid aínda que desposi de demostre que do 80% pactado nada se sabía, e que él valora moi positivamente o cambio de actitude nesta lexislatura en comparación coa anterior na que se contaba con maioría absoluta e os orzamentos se daban feitos , e en contra ao longo da presente tense dialogado con toda oposición na elaboración dos plans de obras e noutros temas.

O Sr. Martínez contéstalle ao Sr. Sánchez que o PP non ten que chamar ao equipo de goberno para darlle o seu apoio, en todo caso será ao contrario, e que os investimentos da Xunta para saneamento e abastecemento que chegarán.

Di tamén que non dubida de que os préstamos que se piden se destinen a investimentos, pero que no ano 2010 se xustificou a petición dun préstamo por importe de 160.000 euros, que 130.000 despois non se levaron a cabo, e na modificación de créditos cambianse 50.000 euros de investimentos para gastos, e neste exercicio con respecto ao préstamo que figura nos orzamentos, 30.000 euros previstos para a finca de San Miguel xa se sabe de priori que non se van a gastar, e estase a endebedar ao concello que vai dificultar a prestación de servizos no futuro

Para rematar sinala que dende principio da lexislatura o PP sempre defendeu os investimentos en saneamento e abastecemento e que en todo caso nos plans se chegou a consenso neste sentido, e que se houbese máis rede de abastecemento e saneamento non existiría ao mellor un coste de 70.000 euros que pagarlle a Aquagest, S.L, polo que ao igual que expuso a concelleira do BNG habería que preguntarse que investimentos son máis rendibles.

O Sr. Sánchez di que cando se solicita un préstamo hai que encadralo nas partidas correspondentes, e se non se destinan ao que estaba previsto, evidentemente se financian outros investimentos, e con respecto aos avais prometidos polo PP di que espera que non queden nunha promesa, facendo mención a que durante o bipartito se acometeu a obra de mellora da AC Ponte Ulla -Ponte Vea e os dous proxectos de abastecemento de auga que existen neste concello por importe aproximada de 400.000 euros cada un deles.

Sinala tamén que con respecto ao BNG di que o seu grupo valora o seu posicionamento con respecto á política fiscal, que considera valente, e que non olvida que a taxa de recollida de lixo se aprobou durante un goberno de coalición.

Sométese a votación a citada proposta e rexítranse 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, 6 votos en contra do PP e BNG e 1 abstención de TEGA

Nunha segunda votación rexístrase o mesmo resultado e apróbase co voto de calidade da Presidencia



6º.- Contestación as preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da paralización das actividades deportivas durante 2 semanas , así como do cumprimento do Regulamento do uso do Pavillón deportivo, contesta que houbo unha semana, non dúas, nas que non houbo actividades , porque rematou o contrato dunha das monitoras e non se lle renovou, ó tempo que se está a estudar , dado o elevado custo do pavillón (90.000 euros) cando a recadación é de 12.000 - 15.000 euros, da posibilidade de adxudicarlle a xestión do pavillón a unha empresa, para intentar ter un aforro.

De seguido dá conta dun informe das actividades levadas a cabo durante o curso 2009-2010 e das que se están a prestar no presente.

2.- Con respecto á situación de problemática financeira do concello e dos movementos na contratación, di que da situación económica xa se falou hoxe aquí con detalle, e con respecto ás contratacións do persoal di que as dúas persoas que estaban contratadas para os actos do Centenario das Sociedades de Vedra en Bos Aires que remataron o contrato e ademais se lle plantexou a tres persoas con idade de 62-63 anos que estudasen a posibilidade de xubilarse, e despois de consultalo dúas decidiron marcharse.

3.- En canto ao arranxo da pista de acceso ao Campo da Festa de San Miguel dende a estrada provincial, di que xa está arranxado.

--Ás preguntas do Sr. Martínez do PP , a Presidencia contesta:

1.- En canto á situación legal e real na que se atopa a día de hoxe a ampliación do cemiterio de San Pedro de Sarandón, di que se fixeron todas as actuacións tanto en Patrimonio como en Medio Ambiente, e que existe unha discrepancia con Urbanismo en canto a metros da parcela, pois eles entenden metros netos e a parcela ten 3.000 metros brutos, recomendando que se tramite unha ampliación do cemiterio existente e non un novo.

2.- Polo que respecta as sinais de STOP na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, di que se fixo e que algunha delas xa está de novo pintada de vermello, e en canto á sinalización na Capela das Dores que estase a preparar unha memoria

3.- Á pregunta sobre dos baches en Ribeira, di que nestes momentos a brigada de obras está de vacacións pero que cando se incorporen ó seu posto se continuará co bacheado en todo o termo municipal.

--Ás preguntas do Sr. Costa sobre da estrada DP 8203 Vedra -Santa Lucía, di que se lle adxudicaron á empresa 136.000 euros para rematar as beirarrúas e os accesos á Casa de Cultura, e que a ponte está aprobado o proxecto

En canto aoa asfaltado da pista de A Torre, di que a Xunta lle adxudicou a obra á empresa Hermanos Couto de Boqueixón, esperando que comezen as obras pronto, e que as obras si teñen reposición de asfaltado.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG con respecto á xestión do pavillón solicita unha memoria máis completa , dá que se deu conta neste pleno pola Alcaldía.,



que conteña número de usuarios en cada actividade, custe e canto se recadou, xa que se está a plantexar unha privatización dun servizo, e gustaríalle coñecer a xustificación dos custos e de canto se vai aforrar

--Don Carlos Martínez do PP roga que se revise na recollida de augas na Casa de Cultura de Santa Cruz.

8º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión e non se formula ningunha.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

